

## A cabana das valquirias e outras pezas

: 00000747  
: Frías Conde, Xavier  
: A cabana das valquirias e outras pezas  
: Esmorga  
: 978-84-125915-5-2  
:  
130x210mm. 66 páx.  
:  
12,00€



A cabana das valquirias e outras pezas é un opúsculo de tres obras de microteatro, que se estruturan desta guisa:

-A cabana das valquirias é a historia dun mesmo home en catro universos paralelos. No primeiro é un importante líder populista, racista e homófobo, que por accidente se topa co seu ego do segundo universo, que é un sabio homosexual, grazas ao cal aprenderá a viaxar por varios universos, onde se vai recoñecendo noutras personalidades moi apostas á súa: unha delas de muller feminista.

-A desvendedora é a historia dun home que vive alleo ao seu pasado, mais que, grazas a unha "desvendedora" que lle "desvende" certo produto, retorna á súa infancia, onde revive o neno que foi coa súa nai e avoa, doente de alzhéimer, mais o problema é que o neno do pasado vén canda el ao presente.

-A lingua das vacas é a historia dun encontro cunha civilización extraterrestre que exige que a relación se manteña en galego, unha lingua que o Goberno de Noviberia cría desterrada, aínda que sobrevive. mais, quen fala aínda esa lingua e como facer para comunicarse cos extraterrestres.

Esmorga:

Esmorga